

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Aprobación de padróns fiscais de 2019: IVTM, taxa de lixo e taxa de vaos

ANUNCIO

Aprobación Padróns Fiscais de 2019: IVTM, taxa de lixo e taxa de vaos

Por resolución da Alcaldía n.º 433/2019, do 20/02/2019, téñense aprobado os padróns fiscais da taxa de recollida de lixo domiciliaria, da taxa de recollida de lixo comercial, da taxa por reserva de espazo para estacionamento e vaos e do imposto de vehículos de tracción mecánica correspondentes ao período impositivo de 2019, no que figuran as liquidacións tributarias correspondentes a cada suxeito pasivo, dacordo cos seguintes datos:

1.–Taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo e residuos sólidos urbanos, nas súas modalidades de vivenda e comercial.

Lixo vivenda

Importe total do padrón 1.092.596,28 €

Lixo comercial

Importe total do padrón 298.035,66 €

2.–Taxa pola reserva de estacionamentos en vía pública para parada de buses, carga e descarga e vados permanentes.

Importe total do padrón 100.383,94 €

3.–Imposto sobre vehículos de tracción mecánica

Importe total do padrón..... 1.229.706,94 €

Polo medio do presente anuncio, procédese á exposición pública dos devanditos padróns durante o prazo dun mes, a contar desde a publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Durante o devandito prazo, os interesados poderán examinar os padróns no Servizo de Xestión Tributaria do Concello, a fin de comprobar a exactitude dos datos que lles afecten.

Recursos:

Contra o acto de aprobación dos padróns e as liquidacións incorporadas ao mesmo, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte á finalización do período voluntario de cobranza.

Prazo, lugar e forma de pagamento:

O período voluntario de cobro das liquidacións resultantes deste padrón abranguerá desde o día 1 de marzo ao día 30 de abril de 2019. Durante este período os contribuíntes poderán facer o pagamento das correspondentes débedas nas oficinas da Recadación Municipal, sitas na rúa Camiño Novo n.º 7, entreplanta Galerías Comerciais, en horario de luns a venres, de 09.00 a 13.30 horas, polas mañás, e de 16.00 a 18.00 horas, polas tardes.

Os recibos domiciliados pasaranse ao cobro a partires do día 1 de abril de 2019.

Os recibos non domiciliados deberán ser aboados en efectivo.

Transcorrido o dito prazo, iniciarase o período executivo, que determina o devengo do recargo de construximento e os intereses de demora, segundo o previsto no artigo 28 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro. O recargo será dun 5% ata que se reciba a notificación da providencia de apremio, do 10% unha vez recibida a mesma e ata o fin do prazo voluntario en vía executiva, e do 20% unha vez transcorrido dito prazo.

Carballo, 21 de febreiro do 2019.

O ALCALDE,

Evencio Ferrero Rodríguez